

Metodoloxías activas e inclusivas

IDENTIFICACIÓN		
Título da tarefa: TROCO CROISSANTS PARISINOS		Profesorado: Titores de Educación Infantil
Breve descrición da tarefa: Esta TAREFA está enmarcada dentro do PDI que leva a cabo o noso centro; que nesta ocasión ten como título "Un mundo por descubrir". Os nenos e nenas da miña aula escolleron facer un proxecto sobre unha viaxe a París, polo que aproveitei para traballar varios dos contidos relacionados: a comida e San Valentín. A través da planificación desta tarefa, cuxo produto final será a elaboración de croissants e posteriormente o troco dos mesmos co alumnado de primaria e profesorado do centro, dámoslle unha funcionalidade real, e socialmente relevante, ás actividades que teñan lugar durante a participación na mesma.		
Curso: 4º, 5º e 6º Infantil	Etape: Educación Infantil	Área(s) ou Materias Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal, Linguaxes comunicación e representación, Coñecemento do contorno

TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA	
ACTIVIDADES	Criterios avaliación
Presentación dun posto de venda. Os nenos atopáronse co posto de venda pola mañá na aula, isto serviunos para motivalos cara á realización da tarefa.	Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade.
Probamos croissants para saber que ingredientes podían levar.	
Visionamos un vídeo da elaboración dos croissants	
Decidimos que imos a facer un troco co resto dos nenos do centro: “cambio croissant de chocolate por...” Facemos unha lista coas cousas polas que podemos trocar os croissants e tamén decidimos que poñer e onde pegar os carteis para anunciar o troco. Pegamos os carteis nos corredores de primaria, na entrada da biblioteca e da aula de música e por suposto ao carón do noso posto de venda.	Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.

Repartimos as invitacións. Situamos o noso posto de venda no corredor de infantil. En grupos de 4 nenos/as ían repartindo e explicando que para comer ese rico croissant tiñan que facer troco por... Foi tanta a afluencia de nenos que tivemos que fotocopiar invitacións.		
Elaboramos os nosos croissants e facemos o troco. Para elaborar a receita dos croissants montamos un taller de cociña nunha das aulas de infantil e todos os nenos ían pasando por el en pequenos grupos .Ese día na hora acordada e coa axuda dos mestres, os rapaces ían cambiando os croissants polas súas peticións... foi un éxito!! e ademais moi divertido, non só para os nenos e nenas de infantil senón tamén para o resto do alumnado e o profesorado.		Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos e prismas.
Exercicios		
Diálogos sobre para que servirá ese posto: Que é ? Cal é a súa utilidade? Que podemos facer con el? Recollemos as súas respostas.		
Diálogo sobre que ingredientes levarán os croissants. Recollemos as súas respostas.		
Ingredientes dos croissants: Estrutura de traballo cooperativo: pegamentos ao centro		
Elaboramos o cartel do anuncio do troco no ordenador entre todos (día e hora do reparto das invitacións) e posteriormente os pegamos polo centro.		
Elaboramos as invitacións no recanto das letras. Nela vai o día e hora do troco, o noso nome e a nosa petición (bicos, contos, debuxos, pintado de uñas, tarxetas de amor, flores...).		
Recollemos mediante o debuxo o proceso de elaboración dos croissants.		
PRODUTO FINAL		
O produto final sería o troco dos croissants, cos nenos e mestres de primaria que tiveran a invitación, polo acordado entre os nenos.		
RECURSOS DIDÁCTICOS		
Persoais	Titores de Educación Infantil, mestre de apoio e os propios alumnos.	
Materiais	O posto de venda, ingredientes dos croissants e utensilios para cociñar, como por exemplo: bandexas, recipientes, pinceis, forno etc., materiais funxibles (lapis de cores, folios, tinta de impresora...)	
Ambientais	Aula, corredores de infantil e primaria	
Metodolóxicos Dadas as características deste curso, quizás sexa o apartado máis importante	Con esta tarefa pretendo que o alumnado sexa o protagonista da súa propia aprendizaxe, levando a cabo actividades tanto de tipo manipulativas, como intelectuais e reflexivas. Para elo agruparemos aos nenos tanto en gran grupo, pequeno grupo como individuais. Favorecendo así, a socialización, o traballo colaborativo e cooperativo.	

VALORACIÓN DAS APRENDIZAXES		
Indicadores de logro	Instrumentos de Avaliación	Procedementos
Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar	Observación e anecdotario dos diálogos que se establecen na aula.	Avaliarase non só o resultado da tarefa senón todo o proceso: a actuación do mestre, a metodoloxía, a coordinación entre os membros do equipo, a xestión e organización dos espazos e os tempos,.... de xeito que podamos introducir cambios para mellorar o proceso de aprendizaxe.
Rexistra as súas observacións.	Observación sistemática Materiais elaborados polos diferentes equipos para presentar os compañeiros e compañeiras.	
Fai achegas coherentes ás conversas en grupo.	Anecdotario y observación dos diálogos	
Gústalle participar nos proxectos e pequenas investigacións que se fan na aula	Observación da implicación e participación na elaboración do produto final.	